-INCIDENCIA DA APROBACIÓN DA NOVA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, RPT.

O artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), dispón que os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de posto de traballo, sen que poidan existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

En cumprimento da sentenza do Xulgado Contencioso administrativo nº 2 de Vigo, nº 62/2021, no procedemento abreviado nº 180/2020, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/07/2022, aprobouse inicialmente unha nova relación de postos de traballo (RPT) para o Concello de Vigo, expediente 1690-110.

Detectándose algúns erros no devandito documento, pónense en coñecemento da instrutora do expediente para o seu análise e posible corrección, se así o considerase.

Dentro desta aprobación inicial recollíase igualmente a execución da sentenza 21/2021 ditada no procedemento abreviado número 242/21 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº2 de Vigo, para incluír o posto de xefatura do servizo de normalización lingüística, definido con un contido igual ao reflectido pola guía de funcións e unha configuración retributiva: A1, CD 26, CE 660.

En consecuencia, créase no anteproxecto de gastos do Capítulo I dos orzamentos 2023, a seguinte praza co correspondente postos asociado:

Vínc	Praza	Nº	Cd g	Posto Asociado	Cdg Serv	Servizo
FC	31016 Técnico/a Normalización Lingüística	1	683	Xefe/a Normalización lingüística	225	Normalización Lingüística

A aprobación definitiva tivo lugar por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/09/2022 , polo que se procede a adaptación dos datos a utilizar nos cálculos a efectuar para a elaboración do capítulo I de orzamentos en base a RPT definitivamente aprobada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 17 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



VI.-CREACIÓN DE PRAZAS SOLICITADAS POLOS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO

Unha vez recibidas varias solicitudes por parte dos distintos Servizos ou Áreas do Concello de Vigo que se uniron ao expediente 40203/220, en data 25/08/2022 emitíuse informe técnico onde se recollían as distintas propostas, co análise correspondente a efectos de gasto, dándosele traslado ao órgano competente para a súa análise.

Con data 23/09/2022, incorpórase o seguinte informe firmado pola xefa da Área de RRHH e Formación e pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal:

“ASUNTO: DOTACIÓNS EN PLANTILLA ORZAMENTARIA A CONTEMPLAR NO ANTEPROXECTO DO CAPÍTULO I DOS ORZAMENTOS 2023

A vista das solicitudes achegadas á Área de Recursos Humanos e Formación por parte dos distintos servizos do anteproxecto do Capítulo I dos orzamentos para o ano 2023 (expediente electrónico nº 40.203/220) indícase respecto das mesmas o seguinte:

- *En atención aos criterios de eficiencia e sostibilidade do propio Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais, apréciase a razoabilidade de priorizar a racionalización de prazas, utilizando recursos económicos ineficientes en cada servizo dos solicitantes para crear novas dotacións en plantilla, minimizando así as amortizacións de prazas vacantes.*
- *Das propostas realizadas, e nos termos da motivación técnica contida no informe referenciado, procede, en coherencia co expresado no mesmo, a realización dos traballos técnicos que correspondan para a realización das actuacións seguintes:*

a) Creación en plantilla orzamentaria 2023 das prazas seguidamente relacionadas:

Praza	nº	Posto	Código servizo	Servizo/
Técnico/a Xestión	1	Técnico/a Xestión	446	Montes, Parques e Xardíns
Administrativo	1	Administrativo	446	Montes, Parques e Xardíns
Auxiliar	1	Auxiliar	446	Montes, Parques e Xardíns
Técnico/a medio Arquivos	1	Técnico/a medio	233	Arquivo Xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 18 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Arquivos

Oficial Extinción de Incendios	1	Subxefe Extinción de Incendios e Salvamento	213	Extinción de Incendios e Salvamento
Enxeñeiro técnico Forestal	1	Enxeñeiro técnico Forestal	500	Dirección de Ingresos
Enxeñeiro Superior Industrial	1	Enx. S. Industrial	210	Seguridade

b) Amortización na plantilla orzamentaria 2023 das seguintes prazas vacantes en plantilla, en atención a criterios de eficiencia:

Praza	N.º	Posto	Códg serv.	Servizo
Oficial Oficios	1	Oficial Almaceneiro/a	446	Montes, Parques e Xardíns
Oficial de Oficios	2	Oficial xardiñeiro	446	Montes, Parques e Xardíns
Axudante de Oficios	1	Axudante de Oficios	446	Montes, Parques e Xardíns
Téc. Actv .Sociais	1	Téc. Actv Sociais	233	Arquivo Xeral
Suboficial	1	Suboficial	213	Ext. de Incen. e Salvamento
Auxiliar administrativo	2	Auxiliar administrativo	500	Dirección de Ingresos

Deixando constancia expresa da inexistencia de solicitudes de amortización adicionais ao efecto, e sempre a salvo de erro ou omisión."

Con posterioridade, con data 30/09/2022, recíbense novas instrucións firmadas pola xefa da Área de RRHH e Formación e pola Concelleira, no referido a creación de prazas e que aparece incorporado o expediente, que rezan o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 19 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



“Aos efectos de conformación da plantilla orzamentario no marco dos traballos técnicos de elaboración do Capítulo I de gastos do anteproxecto do Capítulo I dos orzamentos para o ano 2023 (expediente electrónico nº 40.203/220); e considerando as aportacións efectuadas pola adxudicataria do contrato para o estudo e revisión do proceso de APT e VPT dos postos de traballo da Policía Local respecto da necesidade de dotación de 1 praza de Intendente Principal, consonte ao establecido nos artigos 24 e 28.3 da Lie 4/2007, do 12 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, pola presente e ao abeiro do establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) dispónse se proceda a dotar na plantilla de 1 praza de Intendente Principal, nos termos que legalmente resulten procedentes. Aos efectos de conformación da plantilla orzamentario no marco dos traballos técnicos de elaboración do Capítulo I de gastos do anteproxecto do Capítulo I dos orzamentos para o ano 2023 (expediente electrónico nº 40.203/220); e considerando as aportacións efectuadas pola adxudicataria do contrato para o estudo e revisión do proceso de APT e VPT dos postos de traballo da Policía Local respecto da necesidade de dotación de 1 praza de Intendente Principal, consonte ao establecido nos artigos 24 e 28.3 da Lie 4/2007, do 12 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, pola presente e ao abeiro do establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) dispónse se proceda a dotar na plantilla de 1 praza de Intendente Principal, nos termos que legalmente resulten procedentes.”

O mesmo 30/09/2022 procédese a dar cumprimento ao ordenado.

RESULTADO DOS DATOS OBTIDOS DAS ANTERIORES ACTUACIÓNS

Coa realización das anteriores actualizacións na simulación orzamentaria no programa informático GP7, realízase o cálculo dos custes das retribucións do persoal municipal obténdose os seguintes importes:

-No referido ás retribucións de persoal:

RETRIBUCIÓNS PERSOAL

Funcionarios	Básicas + antigüidade + CE+CD+ Seguridade Social	52.618.239,40 €
Laborais	Básicas + antigüidade + CE+CD+ Seguridade Social	12.834.984,22 €
Eventuais	Básicas+ Seguridade Social	880.260,92 €
		66.333.263,54 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 20 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

-En canto as retribucións da Corporación Municipal:

Corporación (12 pagas)

9120.1000000	135.197,64 €
	Antigüidade 5.358,96 €
9120.1600000	42.372,96 €

Corporación (14 pagas)

9120.1000000	793.738,68 €
	Antigüidade 25.611,56 €
9120.1600000	191.564,64 €

1.193.844,44 €

-OBSERVACIÓNS DOS CRÉDITOS INICIAIS CAPITULO I, E ESTADO DE EXECUCIÓN DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

-Non se incrementan os créditos iniciais das aplicacións orzamentarias do artigo 15 nin as incluídas no apartado “**Outros conceptos Capitulo I**”, excepto a aplicación orzamentaria 221.0.162.04.00 “**Fondo social**” que, segundo reunión mantida en data 19/09/2022 polo grupo de traballo coa Concelleira á que tamén asisten a Xefa da Área de RRHH e Formación e o Director superior contable e orzamentación, decide dotarse dun crédito inicial de 480000,00€, tras a petición do seu incremento realizada polos membros do Comité na reunión celebrada en data 15/09/2022.

-No anteproxecto de orzamento 2023, o crédito inicial da partida 920.0.150.0000 “**Productividade**” establécese nun importe de 160.000,00 €. Con cargo a dita partida estímase un gasto polo aboamento dos complementos de produtividade contemplados nas instrucións de plantilla.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 21 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

No vixente orzamento (exercicio 2022) o crédito inicial da aplicación 920.0.1500000 **Produtividade**, conta cun crédito inicial de 160.000,00€, téndose autorizado ata a presente data un gasto por un importe de 89.593,61€ e realizado retencións de crédito por importe de 24.551,54€, polo que o saldo, a data da emisión do presente informe é de 45.854,85€

-Na Aplicación 132.0.1500000.- **“Produtividade Servizo Policía Local”** cun crédito inicial da partida por importe de 240.000,00 € , a que se imputará o gasto ocasionado polo complemento de produtividade a aboar en concepto de programa de dispoñibilidade ao persoal do Corpo. Deberase ter en conta que os incrementos nesta aplicación orzamentaria realizados mediante as correspondentes modificacións de crédito, realizaranse cos créditos mensuais non consumidos correspondentes aos postos vacantes do programa 132.0.

Con respecto a aplicación 132.0.1500000, no exercicio 2022, dotouse dun crédito inicial de 240.000,00€. Realizáronse modificacións de crédito por importe de 1.649.063,02 €, téndose autorizado un gasto ata a data de 1.369.364,69 €. O saldo existente por importe de 279.698,33€ dará cobertura aos gastos imputables a mesma ata o fin do exercicio.

-Na Aplicación 136.0.1500000.- **“Produtividade Servizo Extinción Incendios”**, cun crédito inicial establecido en 20.000,00€, no caso de estimarse a necesidade de aprobación dalgún expediente de complemento de produtividade para o persoal deste Servizo que supere o crédito inicial desta aplicación orzamentaria, estará supeditado a existencia de crédito non consumido dos postos vacantes do programa 136.0 que permita realizar a pertinente modificación de crédito.

No exercicio 2022, realizouse modificación de crédito por importe de 128.677,72€ existindo un saldo a ata a data de 110.180,12€

Na Aplicación 920.0.151.00.00.- **“Gratificacións Servizos Municipais”** o crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capitulo I de gastos do Orzamento 2023 é de 150.000,00€, debéndose prever a realización das pertinentes modificacións de créditos non consumidos da totalidade dos postos vacantes, excepto as dos programas 132.0 e 136.0, estando supeditado o aboamento de gratificacións aos créditos existentes en cada momento.

Dita aplicación no vixente orzamento a data de hoxe conta cun saldo de 114.263,53 €, téndose realizado modificacións de crédito por importe de 154.004,74 €

Con cargo a aplicación 132.0.151.00.00.- **“Gratificacións Corpo Policía Local,”** cun crédito inicial de 50.000,00 €, imputarase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 132.0. No caso de ser insuficientes realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 22 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Con respecto a aplicación 132.0.151.00.00. no exercicio 2022, cun saldo inicial de 50.00,00€, incrementouse o mesmo mediante transferencias dos créditos non utilizados dos postos vacantes do programa 132 por importe de 306.468,03€

-O crédito inicial proposto para aplicación 136.0.151.00.00.- **“Reforzos e outras gratificacións Servizo Extinción Incendios”** no anteproxecto de Capitulo I de gastos do Orzamento 2022 é de 190.000,00€.

Con cargo a dita partida imputarase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 136.0. No caso de ser insuficientes realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario.

Na aplicación **136.0.151.00.00**, a data de hoxe conta cun saldo de 177.730,38€ .

En canto ás contías máximas do gasto imputable aos concepto de produtividade e gratificacións estarase ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento que se aproben para o ano 2023, segundo os porcentaxes dispostos no Real Decreto 861/1986, polo que deberán adoptarse as medidas oportunas para que o gasto anual nas devanditas partidas non superen os límites fixados.

-Aínda que o persoal indefinido por sentenza se inclúe no Plan de Estabilización do Emprego Temporal, orzáméntanse os importes correspondentes a antigüidade do persoal actual na aplicación 92001400000 **“Persoal indefinido por sentenza.”** Para o aboamento das retribucións de dito persoal, mentres non se execute a OEP correspondente a dito Plan, deberanse realizar as correspondentes modificacións orzamentarias cos créditos non consumidos correspondentes aos mesmos.

-Inclúese a aplicación orzamentaria 132.0.121.0198 **“Aplicación estudio revisión de retribucións festividade e nocturnidade Policía Local”** cun crédito inicial de 755.000,00 €

-Inclúese como crédito inicial da aplicación 92001400000 **“Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente”**, os importes do crédito xa aprobado para o exercicio 2023 (AFUTS), sendo necesario realizar as necesarias modificacións orzamentarias con cargo aos créditos non consumidos, ao efecto de dispor de crédito para os nomeamentos interinos por acumulación de tarefas ou programas que sexa necesario realizar, de se-lo caso, no vindeiro exercicio económico 2023.

No orzamento do exercicio 2022, dotouse dita aplicación dun crédito inicial de 767.629,27€, realizándose modificacións por importe de 1.656.880,98€, sendo o crédito total de 2.424.510,25€. A data de hoxe dispón dun saldo de 537.793,83€

-O crédito inicial da aplicación 221,0,127,0000 **“Plan de Pensións”** (Disp. Transitoria 6ª acordo regulador) calcúlase supoñendo que o plan o subscriba un máximo de 680 traballadores/as ao tope máximo de achega municipal, en 14 mensualidades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 23 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

-Dótase a aplicación 920.0.121.03.00 “**Fondo de Adecuación**” inicialmente nunha contía de 50.000.00€ aos efectos da realización, no caso de ser necesario, das modificacións puntuais dos postos contidos na R.P.T.

-Dótase a aplicación 132.0.1210199 **Fondo adecuación retributiva Policía Local 2023** inicialmente nunha contía de 650.000.00€ aos efectos de dotar o incremento euros/punto do Complemento Específico dos postos do Corpo da Policía Local, que posibilite acometer a revisión retributiva dos postos de traballo deste Corpo, conforme ao estudo de APT e VPT realizado.

-Con respecto ao **concepto 160** increméntanse os topes máximos contemplados no orzamento do ano 2022 nun 3%, segundo as indicacións da Dirección Superior Contable e Orzamentaria sen a realización de axustes respecto das porcentaxes de cotización das vacantes existentes.

-Respecto das aplicacións orzamentarias destinadas ao aboamento das cuotas empresariais da **Seguridade Social a cargo da empresa**, cun crédito inicial fixado na cantidade de 16.510.489,95€ que recolle o custo dos seguros sociais dos postos da vixente R.P.T., do Plan de Emprego Municipal, programa DUSI, nomeamentos interinos sen praza, así como a dos membros da corporación con dedicación exclusiva e parcial, faise constar que a mesma recolle o custe das cotizacións dos empregados polas súas retribucións fixas (soldo inicial e antigüidade e o importe do complemento de destino e específico), así como a achega municipal ao plan de pensións, descoñecendo neste intre as posibles variacións que se podan incluír na Lei de Orzamentos xerais do Estado para o vindeiro ano. Dótase así mesmo unha partida (132.0.160.0001), en previsión da aplicación do impacto no custe da seguridade social pola aplicación da revisión retributiva dos postos da Policía Local conforme ao estudo de APT e VPT realizado.

-Os cálculos realízanse cun incremento do 3% sobre os custos do ano 2022, non obstante non se inclúe no custe das prazas vacantes, a porcentaxe correspondente ao Fondo de Desemprego, en base as indicacións da Dirección Superior Contable.

-Calquera outra retribución devengada (gratificacións, produtividade, nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, etc) terá a súa repercusión na súa base de cotización e conseguintemente no custe de seguridade social.

A documentación que se remite, reflicte os cambios producidos ata a data deste informe.

De acordo coas instrucións do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentación incorporadas ao expediente, con posterioridade á mesma, aos efectos de manter a coherencia técnica e orzamentaria entre os acordos e o proxecto orzamentario, **deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto**, xa que o Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2023, en consecuencia, os cambios de postos dun programa orzamentario a outro, unha vez que se formen os datos para o Orzamento 2023,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 24 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



deberán diferirse ao ano seguinte. Se o acordo se adopta no ano 2022, a súa eficacia deberá quedar diferida, polo que os acordos deberán conter esta condición explícita.

IX.- ANTEPROXECTO CAPÍTULO I ORZAMENTOS 2023

O Capítulo I de Gastos previsto para o vindeiro exercicio 2023, ascende a un total de **74.325.614,94 €**.

Deste xeito, o anteproxecto do Capítulo I de orzamentos para o ano 2023 quedaría conformado do seguinte xeito:

RETRIBUCIÓN PERSOAL V64				
120	Funcionarios	Básicas		12.602.318,18 €
120		Antigüidade		2.328.580,04 €
121		CD		8.155.299,60 €
121		CE		17.169.901,14 €
130	Persoal Laboral	Básicas		3.254.902,70 €
		Antigüidade		511.586,08 €
		CD		1.951.542,18 €
		CE		3.891.192,62 €
912.0.110.00.00	Eventuais	Básicas		679.063,28 €
912.0.100.00.00	Corporación	Básicas + Anti		959.906,84 €





Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

920.0.143.00.01	Persoal indefinido por sentenza	(Antigüidade)	81.506,55 €
132.0.121.0198	Apl. estudio festiv. e nocturn. Policía Local		901.747,00 €
		Subtotal	52.487.546,21 €
SEGURIDADE SOCIAL			
160	Funcionarios		12.362.149,44 €
	Persoal Laboral		3.225.530,64 €
	Eventuais		201.197,64 €
	Corporación		233.937,60 €
	Sentenzas		0,00 €
	Plan de Emprego		300.000,00 €
	Interinaxes sen praza		182.401,89 €
	Seguridade Social incremento retribucións Policía Local		238.000,00 €
	Axustes		1.000,00 €
		Subtotal	16.744.217,21 €





PRODUCTIVIDADES E GRATIFICACIÓNS				
				240.000,00 €
920.0.150.00.00	Productividade Servizos Municipais			20.000,00 €
132.0.150.00.00	Productividade Servizo Policía Local			150.000,00 €
136.0.150.00.00	Productividade Servizo S.E.I.S.			50.000,00 €
920.0.151.00.00	Gratificacións Servizos Municipais			190.000,00 €
132.0.151.00.00	Gratificacións Servizo Policía Local			160.000,00 €
136.0.151.00.00	Reforzos e outras gratificacións			240.000,00 €
			Subtotal	810.000,00 €
OUTROS CONCEPTOS CAPÍTULO I				
221.0.161.03.02	Complemento de pensións por xubilacións			5.469,44 €
920.0.141.01.00	Abono incapac. Temp. Duración tram. Invalidez			1.000,00 €
221.0.161.04.00	Reserva para xubilación anticipada			1.000,00 €





Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

920.0.140.00.00	Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente		822.024,01 €
241.0.131.00.00	Planes Emprego		1.200.000,00 €
221.0.162.04.00	Fondo Social (ART. 30 Acordo Regulador)		480.000,00 €
221.0.127.00.00	Plan de Pensi3ns (Disp. Transitoria 6ª acordo regulador)		545.781,60 €
...162.00.00	Formaci3n do persoal municipal		5.469,44 €
221.0.162.05.00	Seguro Colectivo Vida E Accidentes		1.000,00 €
920.0.162.04.00	Fins culturais/deportivos Art 34 convenio		1.000,00 €
221.0.160.08.01	Asistencia m3dico sanitaria no estranxeiro		822.024,01 €
221.0.162.05.01	Seguro vida accidentes persoal contratado		1.200.000,00 €
920.0.162.05.01	Seguro accidentes veh3culos municipais		480.000,00 €
920.0.162.05.02	Seguro carnet conducir condutores		545.781,60 €
920.0.141.00.00	Indemnizaci3ns Por Sentencias Xudiciais Ou Resoluci3ns Doutras Administraci3ns		52.358,34 €
221.0.160.08.00	Vixiancia sa3de (P.R.L.) (Asistencia m3dica do persoal)		89.000,00 €
136.0.160.08.00	Asistencia m3dica "mergullo" Servicio Extinci3n de Incendios		6.010,12 €
920.0.121.03.00	Fondo adecuaci3n retributiva 2020		601,01 €
132.0.121.01.99	Fondo adecuaci3n retributiva Polic3a Local 2022		70.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresi3n: 19/10/2022 12:12	P3xina 28 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electr3nica do documento utilizando o c3digo QR da esquerda ou o c3digo de verificaci3n na direcci3n http://www.vigo.org/csv		



326.1.162.05.00	Póliza seguro vida EMAO		1.803,04 €
342.0.162.05.00	Póliza seguro vida IMD		1.095,96 €
		Subtotal	4.283.851,52 €
		Total	74.325.614,94 €

Da cuantificación económica exposta por partidas orzamentarias dos gastos de persoal previstos para o Capítulo I do orzamento de gastos para o exercicio económico 2023, resulta unha cantidade total de **74.325.614,94€** fronte aos 72.418.066,89 €, do exercicio 2022.

-INTERINOS NOMEADOS DURANTE O EXERCICIO 2022

Coa aprobación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LTEP), preténdese activar un conxunto de medidas encamiñadas a atallar a excesiva temporalidade nas administracións públicas, reforzando o carácter temporal da figura do persoal interino, delimitando o prazo máximo de duración da prestación de servizos, evitando un uso fraudulento desta figura.

A este respecto, cómpre destacar a aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, do acordo de data 18/08/2022 sobre os “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”(expediente 36685/220).

De acordo cos datos dispoñibles no programa GINPIX, durante o que vai de exercicio 2022, constan nomeados un total de **74** interinos;

- 18 con cargo a vacantes,
- 10 por execución de programas
- 46 por acumulación de tarefas

-CADRO DE PERSOAL OU PLANTILLA.

O cadro de persoal (ou plantilla), que figura entre a documentación técnica incorporada ao presente expediente, é unha manifestación da potestade de auto-organización das corporacións locais, recoñecida no artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

O cadro de persoal está ligado ao orzamento, vinculando as políticas de xestión de persoal da corporación e converténdose en un elemento imprescindible para dar cumprimento á legalidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 29 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

orzamentaria, indicando os postos que poden cubrirse coas dotacións orzamentarias dispoñibles. Ao mesmo tempo configúrase tamén como un límite negativo, xa que non poden crearse, nin cubrirse, postos ou prazas que non estean dotadas orzamentariamente.

Deste xeito, o artigo 90 da citada LRBRL, dispón que lle corresponde a cada Corporación aprobar anualmente a través do Orzamento, a plantilla que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e deberá responder aos principios de racionalidade, economía, e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan sobrepasar os límites que se fixen con carácter xeral.

Á súa vez, o artigo 126 do RDLex. 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que as plantillas deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a persoal funcionario, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e responder aos principios do mencionado artigo 90 da LRBRL.

O RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP, non recolle expresamente o concepto de plantilla ou cadro de persoal, aínda que no seu artigo 73.3 establece que os postos de traballo poderán agruparse en función das súas características para ordear a selección, a formación e mobilidade.

A plantilla ou a cadro de persoal orzamentario para o exercicio 2023 queda conformado con un total de **1394 prazas**, das cales:

- 1043 prazas se corresponden a persoal funcionario de carreira
- 331 prazas que se corresponden a persoal laboral
- 20 prazas que se corresponden a persoal eventual

Con todo exposto, emítese o presente informe aos efectos que procedan en relación co anteproxecto do Capítulo 1 dos Orzamentos Municipais.”

Tralo debate somete a votación a proposta de Capítulo I – Orzamento 2023 do Concello de Vigo co seguinte resultado: votos a favor (UGT e SICO), en contra (CIG) e abstención (CCOO)

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta conforme o artigo 19.5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e co visto e prace da presidenta, concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

SGF/rs.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 30 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL-SUSANA GALLARDO FARIÑA

A PRESIDENTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN-PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/10/2022 12:12	Páxina 31 de 31
40203-220	CSV: ACAFB7-39B981-A7A934-H8R66S-FZ2CCY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		